

Punto 3

**PROPOSTA DA ALCALDÍA EN RELACIÓN FIXACIÓN DO NÚMERO, RETRIBUCIÓNS E CARACTERÍSTICAS DO PERSOAL EVENTUAL.**

De acordo co establecido no art. 104 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, corresponde ao Pleno do Excmo. Concello de Santiago de Compostela determinar no inicio do seu mandato, o número, características e retribucións do persoal eventual. Estas determinación só poderán ser modificadas con motivo da aprobación dos presupostos anuais.

O nomeamento e cese destes funcionario é libre e corresponde ao Alcalde. Cesan automaticamente en todo caso cando se produza o cese ou expire o mandato da autoridade á que prestan a súa función de confianza ou asesoramento.

Por todo o anterior teño a ben propoñer a adopción do seguinte acordo:

Facultar á Alcaldía para a contratación do persoal que de seguido se relaciona e coas retribucións propostas:

1.- Un Xefe de Gabinete da Alcaldía, en réxime de dedicación exclusiva. Equiparado a efectos retributivos cos funcionarios municipais do Grupo A1, Nivel 28, Xefe de Servizo.

2.- Dous asesores nomeados pola Xunta de Goberno Local. Equiparados a efectos retributivos cos funcionarios do grupo A1, Nivel 24

3.- Cinco asesores. Equiparados a efectos retributivos cos funcionarios do Grupo A1, Nivel 24, distribuídos do seguinte xeito: catro do PPdeG, un do PSdeG-PSOE.

4.- Sete administrativos. Equiparados a efectos retributivos cos funcionarios do Grupo C1, Nivel 20, distribuídos do seguinte xeito: catro do PPdeG, un do PSdeG-PSOE e dous do BNG, sendo un destes últimos contratado a tempo parcial (media xornada).

En Santiago de Compostela, a 5 de xullo de 2011

O Alcalde